



## NORMAS DE EVACUACIÓN

1. O sinal de evacuación será un toque de timbre intermitente de cando menos un minuto de duración.
2. No momento de oír o sinal dará comezo a Evacuación Total do Centro. Nese momento todas as persoas que se atopan no Centro deixaran todo o que estean a facer.
3. A persoa titora, nomeará a principio de curso as persoas colaboradoras no caso de emerxencia:
  - a. Alumno/a “guía” que irá á cabeza do grupo ata o punto de encontro, con calma, pero sen deterse.
  - b. Alumnado encargado de pechar as fiestras, para evitar correntes de aire e propagación de lume.
  - c. Alumnado que colabora coas persoas con dificultades físicas.
4. Nas aulas, o profesorado abrirá a porta e comprobará se hai fume.
5. No caso de fume no corredor, pechará de novo a porta, cubrirá a zona inferior da porta cunha chaqueta, pano, etc e abrirá as fiestras pedindo auxilio, pero baixo ningún concepto poderá saír da aula ata que os bombeiros acudan ao rescate.
6. No caso de que no haxa fume, pechará as fiestras coa axuda dos colaboradores, cortará a corrente e ordenará saír ao alumnado collendo só o imprescindible e de forma ordenada. O resto de calquera outro tipo de material escolar quedará nas aulas no estado no que se atope antes de oír o sinal.
7. Se algunha persoa ten algún impedimento físico será axudada polo seu profesor/a e polo alumnado designado, cerrando a marcha do grupo.
8. O profesorado de cada aula deberá agardar a que saia todo o alumnado e despois de revisar que non quede ninguén, sairá da aula cerrando a porta sen pechala coa chave. En ningún caso permitirá que ninguén volva ao interior das instalacións.
9. Así mesmo o profesorado que nese momento estea máis afastado das escaleiras, virá comprobando que non quede ninguén nas aulas nen nos servizos (xefe/xefa de ala).
10. Os desprazamentos faranse con rapidez pero sen correr, en orde, sen berros, respectando os compañeiros/as e as instalacións. Non deberán deterse cerca das saídas, para non obstaculizar o desaloxo doutras persoas.
11. É moi importante que o desprazamento se faga sempre en RINGLEIRA e PEGADOS á PAREDE, empregando ademais as portas e as rutas establecidas no PAE (Plan de Autoprotección Escolar), deixando LIBRE O LADO INTERNO DAS ESCALEIRAS para permitir a subida dos bombeiros e resto de persoal externo de emerxencia.
12. En calquera caso, se por calquera motivo se saíra por portas ou rutas distintas ás establecidas, o grupo deberase reagrupar no Punto de Encontro. Ningún alumnado poderá abandonar o Centro sen permiso do *Xefe de Emerxencia*.
13. A evacuación total do Centro non deberá ser superior aos 3 minutos.



14. O Punto de Encontro establecido son as pistas situadas diante do pavillón do Centro. No caso dun simulacro, se coincide nun día de choiva, o punto de encontro será no interior do pavillón.
15. O profesorado de garda deberá saír ao mesmo tempo comprobando que na súa zona non queda ninguén e cerrando as portas ao seu paso.
16. O persoal administrativo cerrará a secretaría e acudirá ao Punto de Encontro, levando un teléfono móbil, para posteriormente poñerse ás ordes do Xefe de Emerxencia.
17. O/a conserxe, logo de cortar o subministro eléctrico será o último en saír cerrando, sen pechar coa chave, as portas do acceso ao Centro da planta baixa. Levará consigo a listaxe do alumnado, profesorado e o Plan de Autoprotección Escolar (PAE).
18. Así mesmo, o director/a, ou a persoa responsable da evacuación (*Xefe de emerxencia*), deberá portar tamén a listaxe das persoas que poden estar no centro, así como unha copia do PAE, que entregará ao *Xefe de equipos externos de Emerxencia* (Xefe de Bombeiros, Protección Civil...) ao saír do centro. É recomendable, contar con estes documentos en formato dixital que permita o acceso dende un móbil, tanto en local como vía web.  
  
(O *Xefe de Emerxencia* estará en todo momento ás ordes do *Xefe de equipos externos de Emerxencia* (Xefe de Bombeiros, Protección Civil...))
19. Unha vez no Punto de Encontro, o profesorado colocará ao alumnado da súa aula en ringleira e en silencio e logo, tomará lista ao seu grupo (pode facelo dende o propio xade), para verificar que se atopan todos, permanecendo a continuación á cabeza da fila.
20. Posteriormente, por orde de filas, irán informando ao *Xefe de Emerxencia* (neste caso o Director) de calquera incidencia, voltando de seguido a poñerse á cabeza do seu grupo. Ninguén poderá abandonar dita ringleira sen o permiso do *Xefe de Emerxencia*, debendo permanecer na mesma en orde e silencio.
21. Toda a comunidade educativa esperará no Punto de Encontro novas ordes do *Xefe de Emerxencia*, que no caso dun simulacro, será a volta de xeito ordenado ás clases.
22. Con independencia do alumnado e o seu profesorado, o simulacro de evacuación obriga a calquera outra persoa que se atope no Centro nese momento: nais/pais, subministradores, persoal da cafetería, obreiros... Neste caso ao iniciarse a evacuación, deberán ser acompañadas ao Punto de Encontro pola persoa visitada ou incorporadas a un fluxo de saída por calquera membro da comunidade educativa.